

No camiño que vai do texto ao espectáculo pónense en marcha procesos diversos, que realizan axentes varios, que traballan con diferentes elementos de expresión e significación e utilizan múltiples códigos e linguaxes. Trátase dunha longa nómina de creadores e técnicos que parten dun obxectivo común e perseguen idéntica finalidade: a excelencia artística e a satisfacción íntima do espectador.

Nese camiño habita o dramaturxista, figura fundamental nos procesos citados, pois a dramaturxia consiste na construción dun espectáculo virtual, que os creadores actualizan e os espectadores concretizan. A dramaturxia é a disciplina que máis e mellor pode garantir que cada unha desas fases se desenvolva con rigor e coherencia. No fin, a dramaturxia o que propón é unha partitura escénica que cada noite interpretan todos os que participan na representación. Todo canto acontece na escena, e nos espazos que a rodean, debe estar pautado con precisión, de xeito que esa emisión plurimedial que implica a representación se desenvolva segundo o establecido, ou mellor aínda, se for posible.

Pois ben, esa emisión de signos presenta sempre unha estrutura rítmica, en tanto a emisión é como un río que flúe, unhas veces mainiño e outras furioso, por remansos e por perigosos rápidos. Ao ser o teatro unha verdadeira summa artis, unha manifestación plurimedial, cómpre ademais que todas as emisións, manteñan as súas propias estruturas rítmicas, en permanente interacción: a iluminación, o movemento, o son, a palabra, o xesto ou as transicións entre escenas.

O ritmo da dramaturxia, magnífico estudo de Afonso Becerra ocúpase do ritmo da dramaturxia textual, pois a palabra é un dos elementos máis importantes de expresión e significación, aínda considerando a importancia que no pasado século tiveron as dramaturxias da imaxe ou xéneros escénicos como a presentación escénica. A palabra, en ocasións, pode valer máis que milleiros de imaxe e velai os textos de Heiner Müller, de Harold Pinter ou de Bernard-Marie Koltès como mostra. Afonso Becerra comeza o seu traballo presentando e comentando os principios teóricos sobre os que establece unha metodoloxía para o estudo sistemático do texto nas súas dimensións morfolóxica, sintáctica e prosódica, o que finalmente acaba por mostrar, cunha nova luz, a dimensión semántica e, sobre todo, a pragmática. Un dos aspectos máis substantivos deste excelente traballo reside, xustamente, na construción minuciosa e

precisa da proposta metodolóxica que se vai asentando coa definición de conceptos clave, se desenvolve a través dunha taxonomía, moi completa e complexa, de elementos, mecanismos e modelos rítmicos, e se concreta na análise de casos, fundamentalmente no estudo da primeira obra dramática da literatura galega: *A Contenda dos Labradores de Caldelas*, escrita por Gabriel Feixó de Araúxo en 1671.

Estamos, xa que logo, diante dun traballo que foxe da especulación, e que nos propón unha investigación aplicada do texto, o que nos esixe unha aprendizaxe precisa dos principios metodolóxicos e dos seus procedementos. Un traballo que, en consecuencia, descobre outra forma de ler o texto, con aplicacións inmediatas, e verdadeiramente suxestivas, nos procesos de dramaturxia e creación teatral. Non abundan os traballos deste corte, que mostren unha vontade decidida de enfrontar problemas específicos da creación escénica e de aportar solucións, a través de metodoloxías de traballo sabiamente construídas, conceptualmente precisas e con aplicacións sumamente útiles.

O que Afonso Becerra nos propón no eido da dramaturxia, tamén tería sentido no da dirección de escena, a interpretación, a iluminación ou o deseño. Por iso, podemos dicir que estamos diante dunha das achegas máis substantivas que se teñen feito no eido da disciplina coñecida como Dramaturxia nos últimos anos. Un estudio brillante, valente e lúcido, que nos ofrece ferramentas para determinar a maneira en que han falar os personaxes e nos mostra como esa fala se converte nun elemento fundamental de relación entre eles, que afecta e determina toda a súa expresión: a corporal, a xestual, a cinética. Pero tamén a nosa recepción, aquilo que vemos, oímos, sentimos, pensamos, imaxinamos e construímos no noso maxín.

Porén, as posibilidades deste enfoque metodolóxico non rematan nin no verso nin co texto, pois os seus principios e procedementos terían unha doada aplicación no estudo das outras linguaxes, códigos e elementos de expresión e significación que conflúen na escena para facer que o teatro poida ser teatro.

BECERRA DE BECERREÁ, Afonso, O ritmo da dramaturxia, A Coruña, Universidade da Coruña, 2005, 270 páxinas.

Xeiras da docencia

Cando hai pouco máis de medio ano se anunciaba a posta en marcha da Escola Superior de Arte Dramática, voces moi diversas fixeron públicas as súas dúbidas a respecto da posibilidade de atopar profesorado cualificado para garantir un ensino de calidade, coñecedor igualmente nas necesidades da práctica profesional. Mesmo houbo voces que anunciaban un desembarco de forzas estranxeiras que converterían a ESAD nun apéndice doutras escolas do estado, allea á nosa realidade lingüística, sociocultural e teatral.

Afortunadamente, as cousas foron doutro xeito. Pero falaban ben esas voces cando comentaban as dificultades da empresa, pois certamente a docencia en Arte dramática non só implica un coñecemento amplo do mundo teatral, senón que tamén esixe que cada profesor se converta nun investigador da materia que explica e que esa investigación, ademais, teña esa dimensión aplicada que permita derivar da mesma principios e procedementos para a realización de boas prácticas profesionais e artísticas, mesmo de prácticas anovadoras e transformadoras.

Unha Escola Superior de Arte Dramática esixe, en efecto, que o seu profesorado saiba combinar e verter na docencia todo o caudal de coñecementos derivados do seu labor investigador e toda a experiencia acumulada no seu traballo como creador. Trátase dunha tarefa difícil, pois non só hai que trasladar saberes senón tamén construír un saber facer. Pero, como premisa básica e condición previa, cómpre lembrar que calquera profesor ou profesora, do ámbito que sexa, debe ter paixón polo coñecemento, pola súa creación e difusión.

Afonso Becerra, un mozo galego de nacemento e formado no Instituto do Teatro de Xixón e posteriormente titulado no Instituto do Teatro de Barcelona, é un dos profesores que en setembro de 2005 se incorporaron á Escola Superior de Arte Dramática, no seu caso para impartir docencia de Dramaturxia. No ano 2001 gañou o Premio Álvaro Cunqueiro cun texto titulado, *Agnus patris*, que comentamos nestas páxinas, e xa ten tras súa unha interesante traxectoria en procesos de creación escénica. Cabe imaxinar mellor profesorado para esa Escola que nace, para facela medrar e situala como un referente en toda a Península?

O ritmo da escena

